

Nome _____ Data _____


Un punto azul no espazo

Se quixeses retratar un grupo formado por varias persoas, deberías afastarte para que saísen todas na fotografía. O mesmo ocorre cando se desexa realizar unha fotografía do noso planeta e ver a súa forma esférica. Cómpre afastarse moito.

As primeiras persoas que intentaron fotografar a Terra fixérono en globo. Pero, como non se elevaron o suficiente, nas súas fotos nin sequera se notaba que a Terra era esférica.

Pasou o tempo e conseguíuse viaxar ao espazo exterior. Desde alí, os astronautas puideron ver a Terra como unha gran bóla de cor azul.

Actualmente, pódense realizar fotografías desde lugares moi distantes, como Saturno. Desde alí vense a Terra e a Lúa na súa totalidade. Nestas fotografías, o noso planeta aparece como un pequeno punto no universo. Iso si, un punto de cor azul.



1 Contesta.

- Se viaxases ao espazo, en que te fixarías para saber que planeta é a Terra?


- Como se consegue hoxe en día fotografar a Terra e que se vexa enteira?

2 Observa a fotografía e marca a resposta correcta. Despois, explica por que o sabes.

- Esta fotografía tomouse desde o espazo.
- Esta fotografía tomouse desde un globo.
- Esta fotografía tomouse desde unha terraza.



3 Observa o debuxo e rodea a Terra. Despois, contesta.



- Ademais da Terra, que outro planeta se cita no texto? Escribe o seu nome e rodéao no debuxo. _____
- Que ten ese planeta ao seu arredor? _____
- Onde se sitúa ese planeta, máis próximo ou máis afastado do Sol ca a Terra?

4 Completa unha ficha sobre o planeta en que vivimos.

Nome: _____

- É un planeta:

próximo ao Sol.

afastado do Sol.

- Describe como é:

- O seu satélite é: _____

- Realiza dous movementos: _____
